



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do concello
Día: 7 de maio de 2015
Hora de comezo: 13.30 h
Hora de remate: 14.00 h

ASISTENTES:

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Don Manuel Mouriño Varela
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo a alcaldesa accidental, dona Raquel García Fraga, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Concesión de licenza de tenza de animal potencialmente perigoso**
- 3. Requirimento de limpeza das leiras número 566, 571, 572, 574 e 575 dedicadas a monte, no lugar de Rebordaos – Oural**
- 4. Solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para a promoción da lingua galega**
- 5. Solicitude de subvención para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal**
- 6. Solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o programa “Deseñando o teu futuro”**
- 7. Xustificación da subvención para o programa de “Envellecemento Activo” para persoas maiores**
- 8. Aprobación de facturas**
- 9. Concesión alta SAF por libre concorrência**
- 10. Licenza urbanística**
- 11. Rexeitamento do recurso de reposición presentado por dona Eva xxxxx**

- 12. Aprobación dos padróns da abastecemento e saneamento**
- 13. Inicio contratación obra POS 2015**
- 14. Aprobación dos padrón fiscal do lixo 2015**
- 15. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de abril do 2015.

2.Concesión de licenza de tenza de animal potencialmente perigoso

O 31 de marzo de 2015 co número de entrada 15/568 dona Alba xxxxxx solicita licenza administrativa para a tenza dun animal potencialmente perigoso, en concreto para a tenza dun american pitbull, con data de nacemento 08/07/2011, macho, cor marrón, con signos particulares “ollos amarelos”, código de identificación 941000017433937 no lado esquerdo do pescozo e con destino: animal de compañía e de vixilancia.

Acompáñase a seguinte documentación:

- Certificado psicotécnico efectuado a dona Alba xxxxxx, de data 18 de marzo do 2015, que a capacita como apta para obter a licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos (orixinal).
- Información do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de dona Alba xxxxxx os efectos da tenza de animais potencialmente perigosos (orixinal).
- Copia do certificado individual número 410915 do seguro de responsabilidade civil, no cal se sinala cobertura para o can Pitbull Terrier, fecha de nacemento:08/07/2011 e código de identificación 941000017433937, propiedade de dona Alba xxxxxx.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can.
- Certificado da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinalando que dona Alba xxxxxx, co DNI xxxxxx, non foi sancionada por infraccións graves ou moi graves, de acordo co sinalado no apdo 3 artigo 13 da Lei 50/1999, de 23 de decembro.
- Copia do DNI de dona Alba xxxxxx.
- Xustificante do ingreso da taxa, por importe de 30,00 euros, en concepto de “taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza por tenza de animais perigosos.

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1.Conceder licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona Alba xxxxxx, como propietaria do animal que se identifica como especie e raza canina american pitbull, con data de nacemento 08/07/2011, macho, cor marrón, con signos

particulares “ollos amarelos”, código de identificación 941000017433937 no lado esquerdo do pescozo e con destino, animal de compañía e de vixilancia.

2. A presente licenza terá unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada á finalización do citado prazo.

3. Notificar este acordo á interesada.

3.Requirimento de limpeza das leiras número 566,571, 572,574 e 575 dedicadas a monte, no lugar de xxxxx – Oural

ANTECEDENTES

O 15 de abril do 2015, co número de entrada 15/694, don Manuel xxxxx, con domicilio en Oural, presenta escrito no rexistro municipal expoñendo que sendo propietario da vivenda situada na parcela número 567 do xxxxx en Oural, atópase a mesma rodeada de parcelas dedicadas a monte, que non cumpren coa normativa da Lei 3/2007, prevención e defensa contra os incendios forestais e coa Lei 7/2012 de montes de Galicia, en materia de distancias do arboredo e de maleza respecto da citada vivenda.

Sinala que as parcelas que non cumpren coa normativa citada son as número 566, 571, 572, 574 e 575, polígono 47 do “Xeixo-Boqueixón”. Manifesta que son propietarios de leiras, dona Dolores xxxxx, dona Manuela xxxxx, don Ramón xxxxx ...

Solicita que se cumpra coa normativa existente en materia de prevención de incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012 de montes de Galicia.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón e outros medios, a titularidade de todas as leiras citadas, figurando como titular da leira número 566 (polígono 47) dona María xxxxx; titular da leira número 571 (polígono 47) herdeiros de dona María xxxxx; titular da leira número 572 (polígono 47) herdeiros de dona Carmen xxxxx; titular da leira número número 574 (polígono 47) herdeiros de dona Carmen xxxxx e titular da leira número 575 (polígono 47) herdeiros de don Jesús xxxxx.

Según informe do técnico municipal, do 25 de abril do 2015: *“Feita inspección técnica no lugar de o Xeixo, en Rebordaos - Oural, preto da vivenda de don Manuel xxxxx compróbase que a mesma está rodeada de leiras de monte que se detallan a continuación: A leira número 566, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten piñeiros que están a 13 metros da vivenda.*

A leira número 571, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten piñeiros e carballetes que están a 22 metros da vivenda.

A leira número 572, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten piñeiros , carballetes e un carballo, así como maleza que están a 9 metros da vivenda.

A leira número 574, polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón”, dedicada a monte ten maleza, piñeiros e carballetes que están a 12 metros da vivenda.

A leira número 575 polígono 47, do “Xeixo-Boqueixón” , dedicada a monte ten maleza, piñeiros e carballetes que están a 19 metros de distancia respecto da vivenda.

Non se respectan polo tanto, nas leiras 572, 574 e 575 unha franxa de 50 metros perimetral arredor da vivenda libre de biomasa vexetal e nas leiras 566, 571, 572, 574 e 575, 30 metros libres de eucaliptos e piñeiros e 15 metros as frondosas (carballos) respecto da vivendas, consonte o disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”

-O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “ Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización “.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que **en canto ás demais especies arbóreas**, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) **como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I**, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta **distancia terá que adecuarse aos 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural)**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.

A) Requirir á propietaria da leira número 566, polígono 47, dona María xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

B) Requirir os propietarios da leira número 571, polígono 47, herdeiros de dona María xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) e de 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

C) Requirir os propietarios da leira número 572, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes e carballo , ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros), 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes e carballo) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

D) Requirir os propietarios da leira número 574, polígono 47, herdeiros de dona Carmen xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) , 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxx.

E) Requirir os propietarios da leira número 575, polígono 47, herdeiros de don Jesús xxxxx, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de piñeiros e carballetes, ata gardar unha distancia de 30 metros perimetrais (no caso dos piñeiros) , 15 metros perimetrais (no caso dos carballetes) e unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Manuel xxxxxx.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

4.Solicitud de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para a promoción da lingua galega

Vista a Orde do 22 de abril de 2015, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Solicitar á Secretaría Xeral de Política Lingüística unha subvención para a modalidade de mantemento do servizo lingüístico municipal xa existente, por un importe de **8.261,41 euros** destinado a cubrir o 50% do salario bruto e seguridade social da técnica Pilar Pazos Santasmarinas do período que vai dende o 01/01/2015 ata o 31/08/2015.

2.- Acreditar ter remitidas as liquidacións ou contas xerais do exercicio vencido correspondente 2013 ao Consello de Contas.

3.- Aprobar o proxecto descritivo da modalidade para a que se solicita a subvención (Anexo II) e a memoria explicativa.

4.- Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na convocatoria.

5.- Comunicar este acordo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

5.Solicitud de subvención para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal

No DOG número 66 do 9 de abril de 2015 publícase a Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación.

O proxecto a realizar é presentado polo Concello de Boqueixón, se ben a solicitude da subvención faise conxuntamente cos concellos de Vedra e Vila de Cruces, previo convenio de colaboración asinado con data 27 de abril de 2015, para a promoción de actividades de xuventude.

O proxecto denomínase Programa de información e dinamización xuvenil 2015 “VAL DO ULLA” Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces.

A finalidade da subvención é:

- Potenciar a información xuvenil a través dos servizos municipais de información xuvenil
- Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil.

De acordo co establecido no artigo 5 da orde, son conceptos subvencionables e obxecto de axuda:

- Os custos derivados do funcionamento do servizo de información xuvenil, así como as actividades de dinamización da información que se leven a cabo desde este.
- As actividades formativas e educativas, as actividades relacionadas co espírito creativo e emprendedor da mocidade, os programas de información e asesoramento e, en xeral, os que faciliten a participación xuvenil en actividades de educación non formal e os relacionados co asociacionismo e liderado xuvenil, todos eles destinados á mocidade de idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos.

O proxecto realízase durante o ano 2015 (o período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro)

A contía máxima que se concederá será de 15.000 € e as entidades locais deberán participar no financiamento cun mínimo do 25% do orzamento total.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar unha axuda por importe total de **15.000 €**
2. O concello dispón dos fondos necesarios para facer fronte a achega municipal.
3. Acreditar como representante legal ó alcalde do concello de Boqueixón.
4. Aprobar a memoria explicativa, cuxo presuposto total ascende a 20.000 € e no cal se inclúe por un lado o funcionamento do servizo de información xuvenil e por outro se describen as actividades que se van a realizar
5. Non solicitar ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
6. Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

6.Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o programa “Deseñando o teu futuro”

No DOG número 67 do 10 de abril de 2015 publícase a Orde do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro.

O proxecto denomínase Deseñando o teu futuro

A súa finalidade é :

- Financiar os proxectos dirixidos a que os mozos e as mozas entre 14 e 18 anos realicen estadías–visitas non remuneradas en empresas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos de que adquiran competencias,habilidades e cualificacións que complementen o seu desenvolvemento persoal e a súa formación.

Proxectos subvencionables

Os proxectos para os que se solicite axuda deberán responder aos seguintes criterios:

- a) Deben ter como persoas destinatarias mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos con autorización do pai, da nai ou titor/a legal.
- b) O período do proxecto será de dous meses e terá como data límite de realización o 15 de novembro de 2015.
- c) A duración das estadías-visitas será entre 5 e 15 días hábiles. As xornadas diarias nas empresas serán de 4 horas como mínimo.
- d) O número de mozos/as participantes non poderá ser superior a 30.

Conceptos subvencionables

A cantidade subvencionable a cada entidade calcularase a razón de:

– 6 euros por participante-día, para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou da moza.

– 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización das estadias-visitas, entre os que se inclúen: os preparativos da organización, proceso selectivo, busca de empresas de acollida, información tanto ás empresas como ás distintas asociacións e ás persoas participantes, titorías antes, durante e despois das estadias-visitas, asistencia e supervisión dos participantes; adopción de acordos específicos para garantir a calidade das estadias-visitas e gastos de seguros de accidentes e de responsabilidade civil dos/as mozos/as participantes.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar unha axuda por importe total de **5.700 €**
2. Acreditar como representante legal ó alcalde do concello de Boqueixón.
3. Aprobar o proxecto de actividades, cuxo presuposto total ascende a 5.700€.
4. Non solicitar ningunha outra axuda para o mesmo proxecto procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
5. Comunicar este acordo á Consellería de Traballo e Benestar , Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

7.Xustificación da subvención para o programa de “Envellecemento Activo” para persoas maiores

No BOP número 217 do 14 de novembro do 2013 saíu publicada a convocatoria de subvención a concellos na realización de programas de envellecemento activo para as persoas maiores durante o ano 2014.

Na Xunta de goberno do 5 de decembro de 2013, acordouse solicitar unha subvención para levar a cabo actividades de envellecemento activo para persoas maiores.

Con data do 4 de xullo do 2014 e por vía telemática recíbese Resolución pola que se aproba a concesión de 3.000 euros.

O orzamento subvencionado a xustificar é de 2.969,80 €, o total do gasto do programa. O prazo de xustificación remata o 31 de maio do 2015.

Tendo cumpridos todos os requisitos necesarios e esixidos para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de goberno acorda:

1.-Aprobar e presentar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, con identificación dos acreedores (nome e apelidos e o NIF ou CIF), dos conceptos de gasto de documentos (concepto, tipo, data e nº de documento, data de pago) e importe imputado:

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor		Documento xustificativo						Importe
									imputado
	NOME							Importe do documento	
	Nome e apelidos (persoas físicas)	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	(Indicar só si non coincide co importe imputado)	
	Nome de								

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado
	empresa/entidade completo								
XUNTA DE GOBERNO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, XANEIRO	FACTURA	05/03/14	14/028	26/03/14		145,20 €
XUNTA DE GOBERNO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, FEBREIRO	FACTURA	05/03/14	14/029	26/03/14		289,30 €
XUNTA DE GOBERNO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, MARZO	FACTURA	02/04/14	14/038	15/05/14		289,30 €
XUNTA DE GOBERNO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, ABRIL	FACTURA	05/05/14	14/047	13/06/14		289,85 €
XUNTA DE GOBERNO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, MAIO	FACTURA	09/06/14	14/068	20/06/14		289,85 €
XUNTA DE GOBERNO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, XUÑO	FACTURA	01/07/14	14/070	11/08/14		289,85 €
POR DECRETO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, OUTUBRO	FACTURA	30/10/14	14/101	31/12/14		289,30 €
POR DECRETO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, NOVEMBRO	FACTURA	30/11/14	14/104	31/12/14		289,30 €
XUNTA DE GOBERNO	VAGALUME XESTION INTEGRAL DE SERVIZOS, S.L.	xxxxx	BAILOTERAPIA, DECEMBRO	FACTURA	31/12/14	14/125	13/02/15		289,30 €
XUNTA DE GOBERNO	GALEGA DE PUBLICIDADE, S.C.. LALÍN	xxxxx	PAÑUELETAS ANDAINA RIAZOR 11 XUÑO 2014	FACTURA	10/06/14	4513	11/08/14		66,55 €
XUNTA DE GOBERNO	TRANSPORTES MOSQUERA	xxxxx	I BUS 09:45H PONTELEDESMA-CORUÑA 6776FVK	FACTURA	31/08/14	570/2014	25/09/14		385,00 €
XUNTA DE GOBERNO	Mª JOSÉ PEREIRA LAREO	xxxxx	ENTRADAS ELEVADOR MONTE DE S. PEDRO	LIQUIDACIÓN DE GASTO	10/07/14		11/08/14		57,00 €
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO									2.969,80 €

2.- O importe total a xustificar é de 2.969,80 €.

3 .-Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas.

4.-Que a entidade executou a publicidade de colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades

5.-Que a entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

6.-Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización de actividades para a que foi concedida, empregando a lingua galega na planificación, divulgación e desenvolvemento de todas as actividades de envellecemento activo para persoas maiores.

7.- Que a Conta Xeral do exercicio de 2013 foi aprobada e enviada correctamente ó Tribunal de Contas con data 13/10/2014

8.-Que o gasto que se xustifica se reflectiuse , na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, sendo polo tanto contabilizado e pagado

9.- Dar conta deste acordo de xustificación á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais

8.Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 54.324,86 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	ASISTENCIA TÉCNICO-URBANÍSTICA ABRIL	151	22706	1.917,85 €
2	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO DEP. DE ORTO 31/01-27/02	161	22100	4.582,15 €
3	RICOH ESPAÑA S.L.U.	EXCESO FOTOCOPIAS E FACTURACIÓN COR	920	21300	728,52 €
4	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO L. S. LESTEDO/GARDERIA ABRIL	920	22200	47,52 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO FAX MES DE ABRIL	920	22200	49,05 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO CENTRALIÑA ABRIL	920	22200	478,24 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO ALARMA ABRIL	920	22200	42,39 €
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO P. CIVIL MES DE ABRIL	920	22200	29,75 €
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO CORREOS DE ABRIL	920	22200	24,56 €
10	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	CONSUMO MÓVILES 18/03-17/04	920	22200	387,81 €
11	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	SERVIZO SMS 15/3-14/04	920	22200	14,54 €
				TOTAL	8.302,38 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ALFARERIA ALTO DO COUSO, S.L.	TAZAS ENCONTRO MAIORES	924	22601	246,84 €
2	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	TROFEOS ESCOLAS DEPORTIVAS	341	22609	170,00 €
3	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	AGASALLOS ENCONTRO DE MAIORES	924	22601	81,75 €
4	BIOVITAL LIGHT SL	DETERXENTE REPELENTE INSECTOS	920	21200	255,23 €
5	CARPIMETAL BOQUEIXON, S.L.	REIXAS PARA CODESO E RODIÑO	1532	21200	108,90 €
6	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ELÉCTRICO SEGÚN REXISTRO 15/713	165	22100	8.834,62 €
7	COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN	MATERIAL FUNXIBLE PARA ACT. DE CONCILIACIÓN	920	22000	229,14 €
8	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON, S.L.	CAMBIO RODAS CAMIÓN DO LIXO	1621	21300	1.840,00 €
9	CORRAL SANCHEZ, JUAN M.	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	53,45 €
10	DROGUERIA-FERRETERIA EL SOL S.L.	PECHADURA E XOGO DE MANILLAS	920	21200	48,64 €
11	EUROLINGUA TRADUCCIONS, S.C.	TRADUCCIÓN AO INGLÉS FOLLETOS DE TURISMO	432	22602	147,74 €
12	FEGAMP	COTA ANUAL FEGAMP 2015	920	22799	182,67 €

13	GRAFICA DE ASTURIAS, S.L.	ENCUADERNACIÓN LIBRO ACTAS E RESOLUCIÓNS 2014	920	22001	170,79 €
14	INNOVACIÓN Y DESARROLLO SOCIAL SL	PROGRAMA EDUCACIÓN EN VALORES	231	22799	2.505,80 €
15	MARBE HISPANIA, S.L.	CANALIZACIÓN EN RODIÑO PEQUENO	1532	21200	781,99 €
16	PICCADILLY SCHOOL OF ENGLISH SL	CLASES DE INGLÉS MES DE MARZO	334	22609	2.408,00 €
17	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	AGLOMERADO PISTAS MUNICIPAIS	1532	21200	290,65 €
18	RENDON FACORRO, MARIA LUISA	MATERIAIS VARIOS OBRAS EN LESTEDO, RODIÑO,.....	1532	21200	1.702,06 €
19	RENDON FACORRO, MARIA LUISA	MATERIAIS OBRAS IGREXA SERGUDE, LESTEDO,...	1532	21200	1.064,40 €
20	SAROLTA ZALAN	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	31,00 €
21	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	SAD PRESTACIÓN BÁSICA MES DE ABRIL	231	22799	1.094,19 €
22	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A. - SERMASA	SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO MES DE ABRIL	231	22799	15.225,00 €
23	SOGAMA	TRATAMIENTO RU MES DE MARZO	1623	21200	7.570,11 €
24	TALLERES Y REPUESTOS BARCO, S.L.	CABLE DE ACEIRO E PERRILLOS	920	21200	1,42 €
25	TELEVISIÓN DE GALICIA SA	IMAXES DE ARQUIVO DA FESTA DA FILLOA 2013/14/15	432	22602	48,40 €
26	TEODORA KEZEVA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23120	24,70 €
27	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	AUTOBÚS PARA ENCONTRO XUVENIL COA NATUREZA	334	22300	600,00 €
28	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARIA DEL CARMEN	PRODUCTOS ALIMENTICIOS GARDERIA FEBREIRO	231	22105	304,99 €
				TOTAL	46.022,48 €

B.- Pagamento IVTM dos vehículos cedidos pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil

A Agrupación de V.P.C de Boqueixón recibe o correspondente imposto de circulación de 3 vehículos que no seu momento foron cedidos en uso a este concello e que está utilizando nestes intres.

Tal e como se explicaba o pasado ano, ó non ter a propiedade o concello, os impostos non poden ser anulados, xa que a ordenanza municipal dí que poderán ter a exención no caso de que a propiedade sexa municipal e se dediquen á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Aboar os recibos do imposto de circulación do ano 2015 dos seguintes vehículos e polo importe correspondente:

Vehículo	Matrícula	Importe
Fiat Doblo	1600GZL	63,42 €
Tractor Claas Arion 420	E2003BFV	41,66 €
Fiat Doblo	1599GZL	63,42 €

Facer o pagamento antes do día 18 de maio que é a data de vencemento para o inicio da via executiva

9.Concesión alta SAF por libre concorrencia

Concesión dunha alta no SAF por libre concorrencia.

10.Licenza urbanística

Ampliación de prazo, para a finalización das obras de ampliación e mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, no lugar de Gastrar, parroquia de Gastrar. Expte.: 10/2852

ANTECEDENTES:

Con data do 27/04/2015 (registro de entrada nº: 15/846, de data do 30/04/2015), por Hilario xxxxx, con DNI nº: xxxxx, en representación de FINCA TARREO, S.L., con CIF nº xxxxx, preséntase unha solicitude de ampliación do prazo final de execución de obras, de ampliación e mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, situada no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, coa preceptiva licenza municipal de obras nº: 12/537, concedida con data do 16/05/2012, recibindo o promotor a notificación da mesma, con data do 25/05/2012.

Vista esta solicitude, e en aplicación ó Artigo 197 (Capítulo II, Título VI) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no que se establece a caducidade das licenzas municipais de obras, sinalándose no apartado 2, que os municipios poderán conceder prórroga, dos referidos prazos da licenza, por unha soa vez e por un novo prazo, non superior ao inicialmente acordado, e logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, polo que despois de examinar o expediente, compróbase que a dita licenza foi concedida en Sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local, con data do 16/05/2012, a nome de SAT TARREO e foi recibida polo promotor, a notificación da mesma, con data do 25/05/2012.

Hai que ter en conta ademais, que na Xunta de Goberno do 7 de novembro de 2012 autorízase o cambio de titularidade a favor de FINCA TARREO S.L., con CIF xxxxx.

Visto que se cumpren as condicións necesarias para outorgar un novo prazo de execución, acórdase pola Xunta de Goberno:

Conceder un novo prazo de finalización das obras, ata o **25 de maio de 2018**, con relación á licenza municipal de obras nº: 12/537, a nome de FINCA TARREO, S.L., con CIF xxxxx, para a execución de obras de ampliación e mellora de estabulación existente de gando vacún leiteiro, situada no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, en aplicación ao disposto no art. 197 (Cap. II, Título VI) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

11.Rexeitamento do recurso de reposición presentado por dona Eva xxxxx

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o 5 de marzo de 2015 acordou:

- ✓ Levantar a suspensión acordada pola Xunta de Goberno do 5-09-2012.
- ✓ Rexeitar a alegación presentada por dona Eva xxxxx, con data 10-05-2012.
- ✓ Ordenar a demolición do exceso de altura do muro de formigón, realizado no lugar de xxxxx (Lestedo), por dona Eva xxxxx, por non respectar a altura máxima permitida, que é de 2,20 metros, medidos desde a rasante exterior do muro.
- ✓ Requirir a dona Eva xxxxx, para que no prazo máximo de tres meses, proceda coas actuacións anteriormente descritas.

2. O 14-04-2015, rexistro número 15/686 (rexistro xeral da Xunta de Galicia do 10-04-2015), recíbese no concello de Boqueixón o recurso de reposición, presentado pola señora xxxxx, contra o citado acordo da Xunta de Goberno do 05-09-2012. Alega a señora xxxxx o seguinte:

- a) Que o informe do perito xudicial é completamente favorable á tese de que a rasante a partir da cal se debe medir a altura do muro, é a rasante exterior da finca, así como que a forma correcta de medir a altura do muro, é a do informe do arquitecto don Juan López Villanueva, e non a da arquitecta municipal.
- b) Que a rasante exterior da finca, é o nivel do terreo no límite entre a propiedade privada e pública, e que a alteración producida foi debido á retirada de terra do terreo cedido. Retirada que foi executada a petición do concello, polo que esta actuación non debe contemplarse a efectos do cómputo de alturas.
- c) Que se ben o artigo 26 das NNSS, establece que a distancia do peche ao centro do vial debe ser 5 metros, neste caso a distancia é de 6 metros. Por este motivo, o muro de contención está retranqueado 1 metro á liña de cesión, polo que existen dúas rasantes: a liña de cesión é a liña na que se sitúa o muro.
- d) Que para facer o muro de contención é necesario facer un baleirado, logo constrúese o muro e logo vólvese a repoñer a terra ao seu estado orixinal, sen que as actuacións posteriores sobre o perfil orixinal do terreo poidan ir en prexuízo do cálculo orixinal da rasante.
- e) Que na licenza de obras non se requiría como condición a explanación do terreo exterior, nin se ordenou a construción de beirarrúas, nin se requiriu aval de beirarrúas porque non existían, polo cal non se pode considerar como cota de rasante a correspondente á vía que da acceso á parcela.
- f) Que a veciña colindante, realizou movementos de terra que alteraron a rasante natural do terreo, e posteriormente procedeu a desmontar e reencher a parcela.
- g) Que por todas estas razóns non procede ordenar a reposición da legalidade, nin a demolición do muro.
- h) Que o procedemento é nulo, toda vez que a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística adoptouse exclusivamente en base a informes técnicos que obraban no expediente declarado nulo, e arquivado por decreto da alcaldía do 05-03-2012.

Solicita a recorrente que se admita o recurso de reposición contra o acordo do 05-03-2015, e de dite resolución revocando, anulando ou deixando sen efecto o anterior, e arquivando o expediente de reposición da legalidade urbanística. Solicita así mesmo, a suspensión cautelar do acto impugnado.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

PRIMEIRO: Á vista do plano, Anexo 01 (visado con data do 30 de outubro de 2006), do proxecto de execución elaborado polo señor López Villanueva, constátase que o muro en cuestión, é un muro de cerramento da parcela, aínda que, polo menos en parte, cumpra tamén a función de contención, para manter unha diferenza de niveis do terreo. A finalidade do muro é o peche da parcela, tal como se pode comprobar, por un lado pola

existencia dun acceso de entrada á parcela fronte a vía pública, e por outro por constituír xunto cos laterais pechados, un conxunto que claramente conforma un cerramento.

SEGUNDO: En canto a que a rasante exterior, é o nivel de terreo, entre propiedade privada e a pública, o artigo 26.4 das NNSS municipais, establece no apartado e), que o retranqueo á vía pública (da edificación), será o que se establece no título IV capítulo 1, das normas ou na lexislación sectorial aplicable, pero como mínimo 6 metros ao eixe do camiño, e no apartado f), que o retranqueo de **peches a viais**, e o que estableza a lexislación sectorial aplicable, pero como mínimo 5 metros do eixe, sempre que esta distancia sexa superior a 1,5 metros do borde.

Tal como se pode comprobar, no referido plano (anexo 01), visado polo colexio oficial de arquitectos, con data 30/10/2006, e que forma parte do proxecto presentado coa solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar, tanto o portal de acceso á parcela, como unha parte do muro, lindan co terreo cedido ao concello, incrementándose o nivel de terreo privado, a medida que o muro se vai erixindo cara o norte.

Neste apartado, cabe mencionar que no informe pericial do Sr. Villanueva, faise referencia ao plano de cesións (anexo 01), da licenza municipal de obras nº 06/2944, e xúntase copia do mesmo, *pero o plano aportado, define claramente do existente nos distintos expedientes municipais (licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar; Nº: 07/786,(Expediente 06/2944), de data do 06/06/2007, e licenza de obras para cerramento de parcela; núm. 11/860 (expediente 2011/609), de data do 07/09/2011), xa que o presentado, modificouse de forma que separa claramente o terreo de cesión, dos límites do muro construído, entendendo neste caso, que o que pretende o Sr Villanueva, é o de xustificar a existencia de terreo privado (entre a cesión feita e o muro), en todo o longo do muro construído, para poder así xustificar a altura do dito muro. Sinalar neste caso que en ningún momento dos procedementos, se xustificou este cambio ante o concello.*

O artigo 171, da lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece que os propietarios deberán cederlle aos municipios os terreos destinados a viais. O cumprimento efectivo da cesión terá lugar coa solicitude de licenza.

Consecuentemente, a cesión do terreo efectuada pola recorrente, é para a ampliación do vial existente, polo que dita cesión deberá ter o mesmo nivel que o referido vial, e isto debe ser así, ademais, porque para acceder á parcela, e polo tanto á edificación nela construída, non pode existir desnivel coa vía pública, polo tanto a altura do muro debe medirse desde o nivel do terreo cedido, que é o mesmo nivel da vía existente.

Por outro lado a Xunta de Goberno, que tivo lugar o 2 de febreiro do 2011, acordou iniciar o expediente de reposición de legalidade por:

- ✓ Exceder de altura permitida o muro (a altura máxima permitida é de 2,20 m).
- ✓ Ocupar a parcela cedida ao concello con terra (o cal varía a altura do muro a ras do solo.
- ✓ Por non ter licenza municipal do peche

Posteriormente a señora xxxxx, o 4 de marzo de 2011, presenta o escrito, con rexistro de entrada número 11/610, no cal indica que se retirou a terra da parcela cedida e que en canto ao muro, con altura aproximada de 3 m. procederase a cortalo en breve, para o cal solicita ao concello que se aclare o punto de referencia para o dito corte.

Naquel momento, a señora xxxxx **non fixo alegación, nin presentou recurso algún**, senón que retirou a terra que había engadido sobre a parcela de cesión, en base ao requirido polo concello.

TERCEIRO: En canto á nulidade do procedemento, porque a incoación do expediente de reposición de legalidade adoptouse en base a informes técnicos que obraban no expediente caducado, dicir que si existía o informe de data 11 de abril do 2012, sendo a Xunta de Goberno, o 18 de abril do 2012.

Posteriormente a técnica municipal, emitiu o informe de data 27 de febreiro do 2015, sendo a Xunta de Goberno o 5 de marzo do 2015, e neste momento consta o informe técnico de data 29 de abril do 2015, que máis adiante se transcribe.

Por outro lado, aínda que o informe técnico se remita a informes anteriores, e previa constatación (pola técnica), de que o muro construído segue nas mesmas condicións, débese ter en conta que o artigo 66, da lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións, disporá sempre a conservación daqueles trámites que mantivesen igual o seu contido.

INFORME TÉCNICO:

“A que asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, S. A., encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); cumprindo coa providencia da Alcaldía, en relación co escrito de alegacións (15/686, 14/04/2015) á incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística, presentado por D^a. Eva xxxxx, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

En referencia ó escrito presentado, e en relación ó informe pericial realizado polo arquitecto D. José Fernando Añón Pose, compre dicir o seguinte:

1. Desde o comezo do procedemento, considérase o muro obxecto de denuncia como de contención de terras; non obstante, pola súa localización, está a cumprir a función, en termos urbanísticos, de peche frontal da parcela. En consecuencia, a técnica que asina considera que neste caso resulta de aplicación o artigo 17.5 da normativa das NNSS municipais de Boqueixón, e neste sentido, ratifícase no dito nos informes técnicos anteriores.

2. Á vista dos diversos escritos e informes presentados, procede establecer como hipótese o feito de non consideralo como muro de peche da parcela pola súa localización, polo que, en todo caso, deberase considerar como un elemento máis do conxunto edificatorio que conforman as actuacións para as que se concedeu licenza no seu momento, en cumprimento do artigo 2.3 sobre ámbito de aplicación, da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, que establece que “se consideran comprendidas en la edificación sus instalaciones fijas y el equipamiento propio, así como los elementos de urbanización que permanezcan adscritos al edificio”.

Nesta situación, resulta de aplicación o artigo 26 das NNSS, no solo de núcleo rural, polo que a altura máxima sería de 7m, de acordo co punto 4.i), pero de igual xeito o punto 4.e), sobre recuados, que di que os recuados a vías públicas serán “os que se establecen no título IV, capítulo I destas normas ou na lexislación sectorial aplicable, pero como mínimo, 6m ó eixe do camiño”.

Seguindo o eixe da vía establecido na fig. 1, plano de cesións, que consta no informe pericial realizado polo arquitecto D. Juan Villanueva, unha parte do muro executado non cumpre a antedita distancia.





fig 1 plano de cesiones

Detalle da lámina 2 do informe pericial, realizado por D. Juan López Villanueva, con data de novembro de 2011-



Detalle do plano “anexo 01- superficie de cesión”, do proxecto de execución (expediente 06/2944).

3. *Á vista do anterior, a técnica que asina ratifícase nos informes técnicos realizados desde o inicio do procedemento. Así mesmo, os Servizos Técnicos Municipais realizaron as visitas de comprobación que lles foron encomendadas, nos distintos pasos do procedemento, como se da conta nos informes técnicos realizados desde a presentación da denuncia inicial.*

En consecuencia, á vista de todo o anterior, e de toda a documentación incluída no expediente, procede informar desfavorablemente as alegacións presentadas. En todo caso, estarase ó que determine a Corporación Municipal sobre o expediente.

Infórmase, ós efectos oportunos.

Boqueixón, a 29 de abril de 2015”

Por último en canto á solicitude de suspensión, e tendo en conta o tempo transcorrido desde a construción do muro en cuestión, resulta dubidoso ponderar o prexuízo que se cause ao interese público ou a recorrente, precisamente polo impacto visual que comporta unha obra dunha edificación sen finalizar a súa execución no prazo concedido pola licenza municipal. Por outro lado, non se considera que o dano sexa imposible ou de moi difícil reparación pois trátase, unicamente da demolición dun exceso de altura do muro.

Non obstante, tendo en conta que a señora xxxxxx, na súa alegación primeira di que en aras ó exercicio dunha nova acción xudicial, contra a eventual resolución que dite o concello, e polo tanto en coherencia co acordado en Xunta de Goberno, que tivo lugar o 5 de setembro do 2012, na cal se acordou suspender a tramitación do expediente de reposición da legalidade, ata que se ditara (naquel procedemento), a correspondente sentenza xudicial, procede neste momento, que aínda rexeitando o recurso presentado pola señora xxxxxx, non se proceda coa demolición ata que transcorra o prazo de presentación do recurso contencioso – administrativo, e de presentarse, acordar a suspensión ata a resolución do citado recurso.

Por todo o cal a Xunta de Goberno acorda:

1. Rexeitar o recurso de reposición, presentado por dona Eva xxxxxx, con data 14 de abril do 2015, rexistro de entrada 15/686, e en consecuencia, confirmar o acordo da Xunta de Goberno do 05/03/2015, polo que se ordena a demolición do exceso de altura do muro de formigón, realizado no lugar de xxxxxx (Lestedo), pola Sra. xxxxxx, por non respectar a altura máxima permitida, que é de 2,20 m medidos desde a rasante exterior do muro.

2. Suspender a execución deste acordo de demolición, ata que se dite resolución xudicial firme no seu caso; de conformidade coa petición en OTROSI DIGO, formulada por Dona Eva xxxxxx, no recurso presentado.

3. Dita suspensión quedará automaticamente levantada, por efecto de Lei, se no prazo legalmente previsto, non se interpón recurso en vía xudicial, contra este acordo de demolición.

12.Aprobación dos padróns da abastecemento e saneamento

A empresa Espina y Delfin, adxudicataria dos servizos de auga e saneamento, fixo entrega dos padróns para a correspondente aprobación por parte desta entidade, tal e como se

transcribe nos correspondentes pregos de cláusulas que rexeron as contratacións dos dous servizos.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar os padróns de abastecemento de auga e saneamento que no 1º trimestre do ano terían os seguintes aboados:

Servizo de abastecemento de auga :1.050

Servizo de saneamento: 1.339

Expoñer ó público para que se poidan realizar as correspondentes alegacións e publicalo no BOP

13.Inicio contratación obra POS 2015

No Pleno ordinario realizado o día 26 de novembro de 2014 aprobouse o proxecto da obra denominada “Camiño igrexa Lestedo a Centro de interpretación e outros” por un importe de 127.331,04 euros.

O día 17 de abril, a Deputación Provincial comunica por vía telemática a circular sobre o POS 2015, na que se mostra toda a información relativa á contratación e xustificación da obra e do importe que se financia, que neste caso coincide co total do presuposto da obra.

Todos os trámites que se teñan que levar a cabo para a xestión deste plan, realizaranse de xeito telemático. En canto á adxudicación da obra, as bases reguladoras din que os concellos poderán adxudicar as obras ata o día 1 de outubro, e que deberán estar rematadas o 1 de novembro de 2016.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

Polo tanto á Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo procedemento negociado sin publicidade. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados na páxina web da Deputación que foron modificados cos anexos que figuran na propia páxina e co Anexo VI que foi elaborado por este concello e se expoñerá no perfil do contratista.

2 Aprobar o cadro de características da obra, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Camiño igrexa de Lestedo a Centro de interpretación e outros	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	127.331,04 Euros (IVE

	INCLUÍDO)
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	153.600.00 do orzamento do ano 2015
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 6 meses REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable
5. CLASIFICACIÓN	
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: - Consulta a tres empresas - Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: <u>www.boqueixon.com</u> 8.2 Publicación de adxudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai
12. CONTROL DE CALIDADE	
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE **www.boqueixon.com**

TELÉFONO:**981. 513 061**

LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS DO PROXECTO E PREGO: **Servizo de Contratación**

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____

Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou CIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____

Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____

Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras
comprendidas _____ no _____ proxecto _____ de _____

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen IVE..... euros) .

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) % importe euros

C) TOTAL (A+ B)EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- ____ Non concorre con empresas vinculadas.
- ____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
CIF

_____ de _____ de 201__

O LICITADOR (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

- (1) A. DOCUMENTACIÓN
B. REFERENCIAS TÉCNICAS

C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
presentada por ..

Teléfono _____

Fax _____

_____ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A, B, C ou D segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

FASE 1

A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

a) **Programa de traballo** (cláusula 12.2.1.A.1): **17 puntos**

b) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12.2.1.A.2): **8 puntos**

b) **Plan de control de calidade** (cláusula 12.2.1.B) **13 puntos** conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 1.51 a 3 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0.51 a 1.50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0 a 0.50 puntos
PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 X % incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)

c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): **12 puntos**

B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO

Non se valora a redución de prazos

FASE II

a) **Oferta económica**: **50 puntos**.

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Construcciones Concifa, SL

Barqueiro, 1 – Sta. Cruz do Salto
15621 Cabanas
A Coruña

Probisa- Productos Bituminosos, SLU

Polígono Industrial El Tambre
C/ Via Pasteur, 13-15
15890 Santiago de Compostela

Hnos. Couto Fandiño,SL

C/Iglesia, 36
15881 Boqueixón

14.Aprobación dos padrón fiscal do lixo 2015

Para o aboamento das taxas do lixo correspondentes ó ano 2015 é preciso aprobar o padrón deste ano coas correspondentes modificacións, altas e baixas producidas desde a súa última aprobación.

A continuación dase conta das seguintes altas presentadas para a súa aprobación:

Suxeito pasivo	Domicilio tributario	Taxa
Isabel xxxxx	Camporrapado s/n – Oural	62.53
Begoña xxxxx	xxxxxx Lestedo	62.53
Construcións Boqueixón, SL	Polígono SAUI-1,- Pumares – Sergude	173.88
Funeraria Casablanca Tanatorio	Camporrapado – Oural	80.26
J. Antonio xxxxx	xxxxxx - Vigo	62.53
Celia xxxxx	xxxxxx – Sergude	62.53
Sonia xxxxx	xxxxxx Lestedo	62.53
M.E xxxxx	xxxxxx – A Granxa	62.53
José xxxxx	xxxxxx – Loureda	62.53
Somán PVC, SL	xxxxxx Lestedo	62.53
Somán PVC, SL	xxxxxx Lestedo	62.53
Marcos xxxxx	xxxxxx Lestedo	62.53
Laura xxxxx	xxxxxx Boqueixón	62.53

Despois de facer as anotacións correspondentes a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar as altas introducidas este ano na aplicación e que son as reflectidas neste acordo.
2. Notificar cada alta ó suxeito pasivo correspondente.

3. Aprobar o padrón municipal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana que con data 7 de maio de 2015 ascende a:

Número de recibos total:1775

Importe total: 132.790,96 euros

4. Expoñer o padrón ó público durante 1 mes mediante a súa publicación no BOP.

15.Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Visto e prace
A alcaldesa accidental